



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Os traballadores merecemos un convenio para mellorar

Se a prórroga, como a definen os dicionarios, é a continuación de algo por un tempo determinado, está claro que prórroga non é un nome axeitado para o vixente convenio, pois ten diferenzas substanciais co anterior e así o explicamos nun comunicado anterior.

Cando os traballadores prefiren prorrogar un convenio, están poñendo en cuestión a capacidade dos seus representantes para cumprir coa súa misión na negociación colectiva: **mellorar as condicións laborais e económicas**. Os traballadores e traballadoras desta empresa temos que exercer os nosos dereitos na negociación colectiva, implicarnos e participar nela, mais tamén merecemos ter uns representantes dignos de tal nome que defendan os nosos intereses.

Se son os propios representantes os que fan campaña para que os traballadores e traballadoras soliciten a prórroga, a cousa é máis grave, saben que son incompetentes, están satisfeitos de selo e non desexan que a situación de indefensión dos traballadores mude. Entón haberá que preguntarse para quen traballan.

Preténdese negociar un novo convenio á baixa enganando aos traballadores e traballadoras ao chamarlle prórroga, para que se despreocupen, para que pensen que non se vai tocar nada, que van quedar como están; cando á vista está polo vixente que iso non é así.

A desculpa da crise: Os traballadores e traballadoras desta empresa non podemos mirar para outro lado cando se está a descapitalizar a empresa por parte dos seus xestores, levándose cada ano cantidades de diñeiro que resulta indecente xustificar como froito do seu traballo ou responsabilidade.

Como poden os representantes dos traballadores falar de crise e aceptar recortes para o persoal mentres os xestores se enchen os petos desta maneira? Case 60 millóns de euros entre Cesar Alierta e Julio Linares, un espolio e un saqueo en toda regra.

O que está pasando en Telefónica pode ser un claro exemplo do que está a traer a crise no conxunto do Estado español, mentres unha minoría privilexiada se está enriquecendo de xeito obsceno, mentres se rescata a banca, as autopistas, as eléctricas... está a botarse a xente das súas casas, recortando dereitos e salarios, privatizando servizos básicos, incrementando a represión para evitar a contestación social. Todo isto ten como consecuencia un enorme empobrecemento da maioría social, están a levar a millóns de persoas á exclusión e a provocar un incremento enorme das desigualdades sociais.

Para pensar: Como nos repiten constantemente, a situación económica e social é moi mala, ninguén o pon en dúbida. A cuestión é que medidas temos que tomar para saír desta situación de emerxencia social.

Dende a CIG temos claro que deste xeito non sairemos da crise, todo o contrario, estaremos colaborando a facela máis aguda. A saída pasa por mellorar os salarios dos obreiros e por iso debemos dar a batalla por un convenio mellor, os traballadores e traballadoras desta empresa merecemos un convenio para mellorar.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 30 de outubro de 2014